

CUADERNOS DE ESTUDIOS GALLEGOS, LVII
N.º 123, enero-diciembre (2010), pp. 273-298
ISSN 0210-847 X

LA GALICIA QUE VIO NACER Y CRECER A GREGORIO FERNÁNDEZ¹

GALICIA IN THE TIME OF GREGORIO FERNÁNDEZ

PEGERTO SAAVEDRA

Universidade de Santiago de Compostela

Resumen

La Galicia en la que nació el formidable escultor Gregorio Fernández tenía poco que ver con la ciudad de Valladolid, en la desarrolló su trabajo y falleció. El viejo Reino gallego era un territorio ruralizado, en el que los cambios ligados a la reforma tridentina avanzaban con lentitud y dificultad. La ausencia de grandes núcleos de población y la rudeza de unos campesinos que vivían en minúsculos asentamientos dispersos, alejados de la civilización por su ignorancia de los rudimentos de la catequesis y por sus costumbres, entre ellas la de alimentarse de pan negro y tocino, son realidades que están en el origen de la caudalosa corriente de tópicos negativos que desde mediados del XVI comenzó a correr sobre el Reino y sus habitantes, y que, con poco éxito, fueron combatidos por textos de naturaleza corográfica o historiográfica, surgidos en su mayor parte en el círculo de don Diego Samiento de Acuña, primer conde de Gondomar, quien acopió una impresionante biblioteca en su Casa del Sol vallisoletana y, junto al VII conde de Lemos, fue portavoz en la Corte de varias reivindicaciones de sectores de la nobleza y del clero de la Galicia de fines del XVI y principios del XVII.

Palabras clave

Galicia, siglos XVI-XVII, reforma religiosa y cambio cultural, historiografía, identidad del Reino.

Abstract

The great sculptor Gregorio Fernández was born in Galicia; that territory was very different from the city of Valladolid, where he worked and died. The changes caused by the Catholic Reformation progressed slowly and with difficulty in the old Galician Kingdom. The absence of towns prevailed in that period, and most of Galician people lived in small villages that were far from urban civilization. They were not instructed in Christian doctrine and besides they had their peculiar customs, such as feeding on brown bread and bacon. This cultural and social context generated a negative opinion about Galicia and Galician people in the middle of the XVIth century. Don Diego Samiento de Acuña, first earl of Gondomar, and Don Pedro Fernández de Castro, seventh earl of Lemos, were opposed to this negative opinion, although they had an unfortunate outcome. First, Gondomar -who owned an important library in his house in Valladolid- and his circle wrote spirited chorographical and historiographical works. On the other hand, Gondomar and Lemos presented several claims in the Royal Court from Galician nobility and clergy at the end of XVIth century and at the beginning of the XVIIth century.

Keywords

Galicia, XVIth-XVIIth centuries, Catholic Reformation and cultural changes, historiography, Kingdom identity.

¹ Recibido/Received 04.03.2010. Aceptado/Accepted 23.04.2010

Gregorio Fernández naceu pouco despois de concluídas as sesións do Concilio de Trento, segundo algúns en “las Indias de estas partes”, ou na periferia da civilización; segundo outros, no reino máis católico de cantos compoñían a monarquía. Desenvolveu o seu traballo e concluíu a súa vida nunha cidade que non perdera por completo a súa condición de Corte e na que a puxanza da fe resultaba patente, igual que o prestixio de varias das súas institucións, en particular a Real Chancelería e a Universidade co seu colexio de Santa Cruz. Por moitos conceptos, Valladolid tiña pouco que ver con Galicia, en particular co mundo rural, aínda que a Igrexa católica constituía un formidable elemento de unidade, de comunión de valores culturais entre quen obedecía a cátedra de San Pedro, con independencia da súa veciñanza.

1. POR TERRAS DE SARRIA E LEMOS

A vila de Sarria era unha pequena poboación, cuns noventa veciños ao fío de 1570, aínda que tiña un convento de mercedarios e a súa situación xeográfica a colocaba non só no Camiño de Santiago, senón entón no eixe máis dinámico, cultural, económica e politicamente, da provincia de Lugo, o que comunicaba a capital con Monforte de Lemos (Lugo era daquela unha provincia interior, coa de Mondoñedo ao norte). Desde Monforte o eixe continuaba a Ourense, poboación que alcanzou os mil lumes e centro artístico importante, onde talvez se formou inicialmente Gregorio Fernández (como suxire o profesor J. J. Martín González)². A diferenza de ambas as Castelas e Andalucía, Galicia era na segunda metade do XVI un territorio moi ruralizado: ningunha poboación acadaba en 1590 os 2000 veciños, e os que superaban os 500 estaban todas, agás Ourense e Compostela, no litoral (condición que case ten Santiago). Lugo roldaba daquela os 450 lumes e Monforte os 300, ben lonxe dos 8000 longos que chegou a acadar Valladolid.

Nas respostas do reino ao interrogatorio de Felipe II para a repartición de mouriscos granadinos, de 1571, publicadas por M^a Carmen González Muñoz, pode lerse que “hay en la villa de Sarria dos parroquias, la una se llama San Salvador, que tendrá cincuenta feligreses, y otra que se llama Santa Marina, que tendrá cuarenta, y ésta es camino francés y hay en ella los oficios que hay en Puerto Marín [sastres, zapateros, herreros, tejedores, carpinteros y pedreros], y es tierra donde se coge mucho pan e trigo e millo e tierra de mucha fruta y es del marqués de Sarria”³.

² En *El escultor Gregorio Fernández*, Madrid, Ministerio de Cultura, 1980, páx. 45.

³ M^a C. González Muñoz, *Galicia en 1571: población y economía*, A Coruña-Sada, Eds. do Castro, 1982, páx. 209.

Monforte tamén con dúas parroquias (San Vicente e Santa María da Régoa) roldaba os 300 veciños, sendo unha das súas singularidades a existencia de tecedores de seda e de “gentes que la crían y se hace terciopelo y otras sedas, y es tierra fértil donde se coge mucho vino e pan y legumbres y castañas y donde mucha cría de todo ganado” /sic/⁴. As terras do condado de Lemos parécenlles aos declarantes na mencionada enquisa as máis fértiles, poboadas e menos bárbaras da provincia lucense: “y es tierra donde las casas están cerca unas de otras y es gente de entendimiento, en donde podrán residir algunos moriscos de cualesquier oficios que sean y en donde se podrá tener cuenta con ellos y en donde se les podrá enseñar y dotrinar la doctrina cristiana”. Non así noutras localidades máis bárbaras: “hay otras feligresías y aldeas de esta provincia adonde viven los moradores distintos y apartados, que viven en montañas e sierras e [son] gente labradores simples e rústicos, donde los dichos moriscos no pueden estar acomodados ni defender doctrina, antes en las dichas aldeas y caseríos podría suceder algún daño de la conversación de los dichos moriscos a los dichos labradores cristianos”⁵. Como se ve, os informantes establecen unha relación entre tipo de economía, densidade e concentración da poboación e nivel cultural: as comarcas produtoras de viño (sur de Lugo, vales ourensáns) tiñan a este respecto vantaxes sobre as zonas montañosas, con escasa poboación, dispersa e pouco catequizada. Neste sentido convén lembrar que cara a 587 o bispo de Tui propuxo a Felipe II acometer “reducciones” de poboación, ao xeito que se realizaba nas Indias: “sería el mayor servicio de Dios que se podría hacer y aun de S. M., para que esta gente bárbara fuese política y doméstica y enseñada en la doctrina cristiana, que viviendo como viven es imposible”⁶.

Desde a década de 1560 intensificouse en Galicia, nas cidades e vilas e tamén en moitas parroquias rurais, a actividade artística, a raíz dos esforzos dos bispos por implantar a reforma católica e, circunstancialmente, debido ao mecenado dalgunhas casas nobres (influídas tamén polo reformismo tridentino). Aínda que as principais familias da aristocracia galega —que consolidaran as súas posicións desde mediados do XIV— tenderon a ausentarse do reino, por obriga ou por devoción, desde finais do XV, non romperon de todo os vínculos cos seus soares de

⁴ Ib., páx. 210.

⁵ Ib., páx. 213.

⁶ O prelado, despois de relacionar os fregueses de cada fila, aclaraba: “hase de advertir que estos feligreses, con ser tan pocos en cada una de las feligresías, no viven junto a la iglesia por la mayor parte, ni cerca de sus vecinos, sino un cuarto de legua, y media, y una de la iglesia, y apartados unos de otros”, en J. Ruiz Almansa, *La población de Galicia (1500-1945), según los documentos estadísticos y descriptivos de cada época*, Madrid, Instituto «Balmes» de Sociología, 1948.

orixe, en especial os condes de Lemos, que tiñan en Monforte a cabeza dos seus estados desde que na década de 1480, Fernando o Católico, con astucia e ata maldade maquiavélica, dividira o inmenso patrimonio dos Osorio, e adxudicara a parte leonesa aos futuros marqueses de Vilafranca (Juana Osorio, neta do primeiro conde de Lemos, casada con Luis Pimentel) e a de Galicia, co título condal, a don Rodrigo Osorio, segundo conde de Lemos, fillo ou neto —non está claro— do primeiro⁷. Ponferrada, nunha posición estratéxica, ás portas dun reino señorializado e indómito, quedaba en mans da monarquía, situación que só á forza admitiu don Rodrigo Osorio, que se consideraba espoliado polo “rey de Aragón”. Ata que Fernando o Católico lle partiu o espiñazo á casa de Lemos, o lugar de enterramento dos membros da liñaxe era a colexiata de Vilafranca do Bierzo.

Despois do arcebispo de Santiago, os condes de Lemos eran os principais señores de vasalos de Galicia, e os primeiros con diferenza nas terras lucenses: en Monforte e a súa terra, Sarria, Outeiro e Castro de Rei e outras xurisdicións residían miles de familias que lles pagaban rendas forais, cargas vasaláticas, alcabalas alleadas, décimos secularizados... Precisamente o que sería IV conde de Lemos, don Fernando Ruiz de Castro, fillo da belicosa e fecunda dona Beatriz de Castro (III condesa, coñecida como “la hermosa”), casou na década de 1520 con dona Teresa de Andrade, herdeira da casa deste apelido, que así se incorporou dúas décadas despois á de Lemos (e unha e outra, a finais do Antigo Réxime, á de Alba). Don Fernando recibiu do emperador, en 1543, o título de marqués de Sarria que en diante levaron os primoxénitos da casa de Lemos⁸.

Polo menos ata a morte de dona Beatriz, en 1570, a casa de Lemos atravesou notables turbulencias internas. A “hermosa”, di o profesor José García Oro, era tamén “arrolladora en sus pretensiones: con ellas adquirió gran fama, y no buen recuerdo (...). Fue tesonera y combativa. Acometió con braveza a cuantos se interpusieron en su camino y fue impugnada por adversarios tenaces que no le faltaron dentro de su propia casa”⁹. Casada dúas veces, a primeira con don Dinís de Portugal (da casa de Braganza)

⁷ Pode consultarse a J. García Oro, *La nobleza gallega en la Baja Edad Media. Las casas nobles y sus relaciones estamentales*, Santiago de Compostela, Bibliófilos Gallegos, 1981; E. Pardo de Guevara, *Los señores de Galicia. Tenentes y condes de Lemos en la Edad Media*, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza, 2000, e a A. Franco Silva, *La fortuna y el poder: estudios sobre las bases económicas de la aristocracia castellana*, Universidad de Cádiz, 1996.

⁸ Un fillo de don Fernando recibía, asemade, o título de conde de Andrade, que conmutaba o antigo de Vilalba; J. García Oro, *Don Fernando de Andrade, Conde de Villalba*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1999, páxs. 197-199, e E. Pardo de Guevara, *Don Pedro Fernández de Castro, VII Conde de Lemos*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1997, I, pág. 103.

⁹ En “La nobleza gallega en el reinado de Felipe II”, en A. Eiras Roel, coord., *El reino de Galicia en la monarquía de Felipe II*, Santiago, Xunta de Galicia, 1998, páxs. 285 e 286.

e a segunda con don Alvaro Osorio, tivo de ambos os matrimonios catorce fillos, entre eles o que sería IV conde de Lemos, don Fernando Ruiz de Castro, don Pedro de Castro, bispo de Salamanca e Cuenca e don Rodrigo de Castro, cardeal e arcebispo de Sevilla, fundador do colexio da Compañía de Monforte de Lemos, e falecido en 1600.

Dona Beatriz empeñouse en fundar un novo morgado en 1529 para o primoxénito do seu segundo matrimonio. Esta resolución, o feito de casar dúas veces e as herdanzas dalgúns dos seus fillos que faleceron antes ca ela —en concreto o bispo de Cuenca e Salamanca— ocasionaron na familia ruidosos preitos e, de feito, a condesa residiu habitualmente na súa casa de Valladolid despois de que unha orde real a obrigase a saír de Galicia: “Y aunque pudiera alcanzar la vuelta a su estado, como siempre tuvo pleitos en la Real Chancillería, gustaba de vivir en esta villa, donde acabó sus días” (o 11 de novembro de 1570)¹⁰.

Don Fernando Ruiz de Castro interviu en diversas campañas militares e en 1553 foi nomeado embaixador ante a Santa Sé, iniciando así unha participación na política italiana que, como é ben sabido, continuarían varios dos seus descendentes. Tampouco se librou de preitos, pois a súa filla dona Francisca de Castro, que casaría co IV conde de Medellín, reclamoulle a parte do patrimonio dos Osorio de Lemos que tiña por centro a vila de Sarria, onde, segundo a demandante, o seu pai a deixara abandonada e sen dotar mentres el andaba no servizo real¹¹.

O IV conde de Lemos, que só sobreviviu cinco anos á súa nai dona Beatriz, faleceu en Madrid, onde fora mordomo da princesa dona Xoana de Portugal en xullo de 1575. De acordo co disposto en testamento e codicilos, os seus restos e os da súa muller, dona Teresa de Andrade (falecida uns corenta e dous anos antes), foron trasladados primeiro ao convento de San Francisco de Lugo e logo a San Vicente de Monforte: “Hombre recio en sus decisiones, tenaz en sus propósitos y generoso en sus ambiciones, el marqués de Sarria no quiso cerrar los ojos sin una decisión de gran futuro que era la de engrandecer la villa de Monforte, cabeza de los estados de los Osorio de Castro. Su designio era que en esta villa surgieran un monasterio de clarisas descalzas, émulas de las carmelitas de Santa Teresa; un colegio de Gramática y Artes, al estilo de los que ponían en marcha los jesuitas; un hospital como el de Santa Catalina de Madrid, para hombres pobres y viejos.

¹⁰ E. Pardo de Guevara, *Don Pedro Fernández de Castro*, op. cit., páx. 89. Ordenou que os seus ósos fosen levados a Santo Antón de Monforte. Dona Beatriz preiteou sobre todo co seu fillo primoxénito, que tamén se intitulaba conde de Lemos.

¹¹ J. García Oro, “La nobleza gallega en el reinado”, op. cit., páxs. 292-293; accedeu a dotala para que casase, pero como a moza morreu en 1568, don Fernando Ruiz de Castro, daquela marqués de Sarria, reclamou a súa herdanza.

Eran los nuevos testigos del barroco que hacían coro a los antiguos de San Vicente del Pino y del Castillo de Monforte que recordaban un medieval extinguido”¹².

Está claro que os Castro conservaron un indubidable apego á vila cabeza dos seus estados, onde algúns naceron e case todos foron enterrados ata avanzado o século XVII. Tamén a Sarria, a cuxas institucións realizan diversas doazóns ao longo do XVI¹³. No momento en que nacía Gregorio Fernández, o IV conde dispoñía a fundación en Monforte de diversas institucións relixiosas, educativas e asistenciais. A súa posta en marcha aínda tivo que esperar, pois o colexio da Compañía ou do Cardeal —erixido ao final polo arcebispo de Sevilla, medio irmán de don Fernando Ruíz de Castro— non se abre ata entrada a década de 1590; o convento das Clarisas dotárono de forma definitiva o VII conde, don Pedro Fernández de Castro, e a súa muller dona Catalina de la Cerda cara a 1620 e non se abriu ata 1646; aos mesmos débeselles o traslado desde Pantón a Monforte do convento de dominicos de San Xacinto. En todo caso, grazas á iniciativa dos Castro, Monforte convertíase a finais do XVI nun pequeno foco artístico; na vila traballou o entallador Juan de Muniátegui, amigo de Gregorio Fernández e quizais quen o animou a trasladarse a Valladolid¹⁴. O colexio e o convento das clarisas acabarían acumulando diversas obras de arte cedidas polos Castro e polas súas mulleres (aínda que estas o abasteceron sobre todo de reliquias), algunhas das cales se retiraron na súa honesta viuvez ao convento. Como se sabe, en Galicia están documentadas só tres obras de Gregorio Fernández, o *Cristo Xacente* e a *Inmaculada*, das clarisas, e o *Cristo* de Conxo¹⁵.

Aínda con tales iniciativas, aos cortesáns Monforte parecíanlles, loxicamente, unha aldea insufrible. O que sería VII conde cursou uns anos de Humanidades, ao parecer

¹² J. García Oro, *ib.*, pág. 294. “Que se haga un monasterio de monxas en Monforte de Lemos y se gasten en su edificio ocho mil ducados, en el que ha de haber siempre de balde doce monxas (...); que se haga un colexio en dicha villa de Monforte de Lemos, y que se gaste en su edificio hasta seis mil ducados y que se le den de renta del juro de a catorce el millar, para que en dicho colegio hay quien lea gramática y artes, conforme a la voluntad que tuvo el señor obispo, mi hermano [el obispo de Cuenca y Salamanca] (...); una casa de ocho donados, como las de Santa Catalina de esta villa de Madrid y que sean hombres pobres y viejos”; E. Pardo de Guevara, Don Pedro Fernández de Castro, *op. cit.*, pág. 91.

¹³ Cfr. D. Pazos y García, *Apuntes acerca de la historia y comarca de Sarria*, Lugo, Alvarellos, 1980 (1ª ed. 1916), e G. Vázquez Rodríguez-Sueiro, *Historia de Monforte y su tierra de Lemos*, Monforte, Ayuntamiento, 1990 (1ª ed. 1970-77).

¹⁴ D. Vila Jato, “Una obra del escultor Muniategui en Galicia: el retablo de San Benito en San Vicente del Pino (Monforte)”, *Boletín del Seminario de Estudios de Arte y Arqueología (Universidad de Valladolid)*, 1978, pág. 213 e J. J. Martín González, *El escultor...*, *op. cit.*, pág. 45.

¹⁵ A. Rodríguez G. de Ceballos, “El cardenal don Rodrigo de Castro, humanista y mecenas de las artes”, en A. Eiras Roel, *El Reino de Galicia en la monarquía*, *op. cit.*, páxs. 613-633; A. Cotarelo Valledor, *El cardenal don Rodrigo de Castro y su fundación en Monforte de Lemos*, Madrid, Instituto de España, 1996, 2 vols., e E. Rivera Vázquez, *Galicia y los jesuitas. Sus colegios de enseñanzas en los siglos XVI al XVIII*, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1989, páxs. 277-325.

con extraordinario aproveitamento, no colexio da Compañía, pero á súa nai a vida en poboación facíasele cousa recia, pois o castelo non reunía as condicións de habitabilidade propias dos novos tempos: na primavera de 1595 manifestábase ao seu marido, don Fernando Ruíz de Castro, que resultaba necesario construír unha residencia na parte baixa da vila, pois o castelo era incómodo e estaba en sitio perigoso (en épocas de tronos); cumpría facer, en definitiva, unha residencia “propia de grandes señores”, pois a que usaba nunca deixaría de ser “de grandes cochinos y grandes sufridos”. Aínda que no reino as cosas ían mellorando: así noutra carta manifestaba a súa alegría porque “me ha deparado Dios un gallego vidriero, de habilidad tan nueva entre ellos que sabe exercitar su oficio por esquadria /sic/ y compás. Deprendió el oficio con Angel Berto”¹⁶. Os irmáns Fernández de Boán refiren que os Castro construíron na primeira metade do XVII un suntuoso palacio, que abraiaba polo seu número de ventás. As chamas consumírono en 1672, ao igual que o arquivo¹⁷.

2. A IGREXA ANTE A “GRANDE IGNORANCIA E O GRANDE ESQUECIMENTO DE DEUS”

O mecenado dalgúns membros da nobreza exerce, sen dúbida, influencia cultural e artística en determinadas localidades, e moi especialmente en Monforte de Lemos, pero no conxunto do reino foi moito máis importante o esforzo da xerarquía eclesíastica para catequizar uns campesiños que, pola súa falta de doutrina, resultaba evidente que vivían nas “Índias de estas partes”, ao igual que outros moitos desde Sicilia a Irlanda. Grazas a traballos de varios autores, hoxe sabemos ben que antes de Trento houbo notables esforzos para reformar o clero e os fieis, como poñen de manifesto os sínodos, e as visitas pastorais que se van descubrindo cos arquivos diocesanos e catedralicios¹⁸. Pero

¹⁶ Archivo Ducal de Alba, Madrid, secc. Lemos, correspondencia, carp. 40.

¹⁷ Os Boán escribiron unha “Historia General del Reino de Galicia”, da que só se coñece unha copia incompleta, pertencente ao arquivo particular Barreiro-López Morán (A Coruña). Ascenderan grazas ao favor da casa de Lemos, en cuxo patrimonio ocuparon na segunda metade do XVI curatos e escribanías; X. Ferro Couselo, “Gente llana con ventura: los Boanes”, *Boletín Auriense* (1972). O palacio dos Lemos, ao carón do río Cabe, imitaba as vidas italianas, que coñecían ben os Castro.

¹⁸ Vid., especialmente, os capítulos de B. Barreiro Mallón e O. Rey Castelao incluídos nos vols. 14 e 15 da *Historia de las diócesis españolas*, Madrid, Bal, 2002, que tratan das dioceses galegas; D. González Lopo, *Los comportamientos religiosos en la Galicia del Barroco*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 2002; O. Rey Castelao, “Edad moderna: iglesia y religión”, en *Las religiones en la historia de Galicia*, Universidade de Santiago, 1996 (vols. 7-8 da revista *Sémata*); P. Saavedra, *La vida cotidiana en la Galicia del Antiguo Régimen*, Barcelona, Crítica, 1994; A. Poska, *Regulating the People. The Catholic Reformation in Seventeenth-Century Spain*, Brill, Leiden, 1998. Poderían engadirse bastantes citas máis.

foi despois de Trento cando os esforzos se fixeron máis regulares e sistemáticos, cando a residencia dos curas reitores comezou a facerse habitual, cando se acometeron obras de amaño nos edificios parroquiais (como revelan as pinturas conservadas), e cando os misioneiros e os comisarios da Inquisición viñeron apoiar o labor dos bispos.

A comparación entre a situación que reflicten as visitas de mediados do XVI e as de comezos do XVII non deixa lugar a dúbidas sobre os cambios operados na situación material e moral das parroquias, aínda que ata mediados ou incluso ata a segunda metade do XVII non se implanten en toda a súa amplitude os mandatos de Trento. Pero pouco a pouco, os templos nus e con frecuencia convertidos en almacéns (de leña, cereais e carne) de 1530-50 son amañados, enriquecidos con imaxes e pinturas; os curas comezan a residir de modo regular entre as súas ovellas; vanse fundando algunhas confrarías (aparecen na visita do cardeal Jerónimo del Hoyo a principios do XVII na diocese de Santiago), celébranse sínodos coa clara finalidade de ensinar o fundamental aos reitores, e ata cambia profundamente a onomástica. Á morte de Gregorio Fernández, en 1636, o reino cambiara bastante, no ámbito relixioso con respecto á década en que naceu, e continuaría facéndoo, pois a reforma é un proceso nunca concluído: ata o xusto peca sete veces ao día.

Como quedou indicado, despois de Trento algúns prelados realizan visitas ás parroquias das súas respectivas dióceses e convocan sínodos para adoutrinar o clero. Para o bispado de Tui consérvanse polo menos tres visitas pastorais anteriores ao Concilio, e outras tantas para as décadas seguintes. No de Ourense hai unha con moi boa información, de 1569; en Mondoñedo os prelados don Juan de Liermo e don Isidro Caja de Lara mostráronse tamén coidadosos percorrendo a diócese e reunindo o clero. Para o arcebispado de Santiago é ben coñecida (e empregada polos investigadores) a visita atribuída ao coengo cardeal Jerónimo del Hoyo, editada fai anos por A. Rodríguez González e B. Varela Jácome¹⁹. Non cómpre esquecer, de todos os xeitos, o importante labor de don Francisco Blanco, bispo de Ourense entre 1556 e 1565, quen pasou logo a Málaga e foi nomeado arcebispo de Compostela en 1574. Unha biografía (ou haxiografía) del pondera o seu celo pastoral: “Trató luego su Yllustrísima salir a visitar, llebando siempre consigo dos padres de la Compañía para enseñar la doctrina, predicar y confesar. Y el mismo Señor Arzobispo por su persona hacía estos ministerios. Visitó todo el Arzobispado sin dejar parte por remota y áspera

¹⁹ Memorias del arzobispo de Santiago, Santiago de Compostela, Porto y Cía., s. d.; A. García García, edr., *Synodicon Hispanum. I. Galicia*, Madrid, BAC, 1981; así como os traballos de B. Barreiro, D. González Lopo, O. Rey Castelao e P. Saavedra, xa citados.

que fuese, sin perdonar a traballo ni incomodida suya, padecendo infinitas en su persona, cama y comida y todo con tanto gozo y alegría que mostraba bien la que el Señor interiormente le comunicaba en premio a su santo celo. A todos acudía y consolaba, sin dejar en lugar donde estubiese necesidad conocida espiritual o temporal que no remediase. En esta y otras visitas fueron raros los casos particulares que le ocurrieron, así de curas como de otras almas rematadas, las cuales el Santo prelado con su gran prudencia y experiencia (que de casos semejantes tenía) remedió con grande acierto. En estas visitas introdujo en aquella tierra saludarse diciendo *Loado sea Jesu-Christo*, porque antes sólo savían decir Deus manteña, manteña-os Deus, muita seja a vossa vida, así faga a vosse”²⁰.

Polo que toca á diocese de Lugo, hai que mencionar os esforzos reformistas de don Fernando Velosillo (1567-1587), quen nas súas visitas ás parroquias atopou xentes con grande ignorancia da doutrina e da obriga de recibir determinados sacramentos. Tentou de fundar un seminario, proxecto que levaría a termo don Lorenzo Asensio Otaduy na década de 1590²¹. Repito, así e todo, que os froitos da reforma católica non se notaron de inmediato, e a eclosión da relixiosidade barroca non se produce ata mediados do XVII, pero a vida de Gregorio Fernández corresponde a esta época de cambio, de control do tempo e do espazo sagrado polo clero, da catequización, da fundación de confrarías, da adopción de novas devocións, de rápidos cambios na onomástica, etc.

A minguada cifra de veciños por parroquia ata dobrado o século XVI explica en parte o penoso estado material dos templos e os escasos ingresos dos curas, que vivían fundamentalmente de décimos. En varios arciprestados da diocese compostelá, de acordo co exhaustivo estudo de Baudilio Barreiro, a media familiar por freguesía era de 21, equivalendo o valor dos beneficios a uns dous reais por día; nun 75 por 100 dos casos os reitores non atendían de modo persoal as súas ovellas, senón que se valían de “mercenarios” sen formación, aos que cedían polo seu traballo “el pie de altar, la oblata y en algunas ocasiones parte del diezmo”. As

²⁰ En O. Rey Castelao, *Cuatro textos. Cuatro contextos. Ensayos de Historia Cultural de Galicia*, Santiago de Compostela, 2004, páx. 76 (o libro inclúe a edición da biografía do arcebispo Blanco e o seu estudio, pola mencionada autora).

²¹ Cf. A. García Conde e A. López Valcárcel, *Episcopologio Lucense*, Lugo, Fundación Caixa Galicia, 1991, páxs. 363-364 e 366-369; don Lorenzo Asensio Otaduy tomou posesión o 20 de febreiro de 1592, por medio do conde de Lemos. O seminario comenzou a funcionar en 1599, sendo polo tanto o segundo de Galicia en antigüidade, detrás do de Mondoñedo (un e outro foron principalmente escolas de gramática ou de latinidade ata as reformas da segunda metade do XVIII). Vid. G. Fraga Vázquez, *El seminario diocesano de Lugo*, Lugo, Fundación Caixa Galicia, 1989.

parroquias adoitaban dispor polo menos dun misal, e dun manual litúrxico, pero só nun 14 por 100 había santísimo (ás veces gardado de modo indecente), e en xeral a misa celebrábase só cada quince días (nun 70 por 100 dos casos). As confrarías escaseaban: 42 en 214 parroquias (e máis ben en vilas do litoral que adoitan ter máis dunha). Os templos estaban bastante ben abastecidos de altares e imaxes, pero asemade eran auténticos almacéns²².

Pois ben, se na década de 1540 había apenas unha irmandade por cada catro parroquias, a finais de século o seu número triplicárase e á altura de 1630/50 existían na diocese de Santiago, de media 1,3 confrarías por freguesía, cifra que un século despois se elevaba a 3,14. Como sinala Domingo González Lopo, é significativo o cambio que se aprecia neste terreo xa antes de 1600, aínda que “la etapa comprendida entre 1630 y 1740 debió ser la más fecunda en la historia de estas instituciones pues conciden entonces una serie de circunstancias muy favorables para su aparición, como son un fuerte estímulo eclesiástico para su fundación (...), una buena disposición de los fieles conscientes ya de sus muchas ventajas, y un momento feliz para la economía gallega, que ayudará a engrosar sus caudales dándoles así una solvencia que apuntalará solidamente sus actuaciones”²³.

Os cronistas da Compañía de Xesús, sen dúbida, escribían *pro domo sua* cando ponderaban a boaventura que lle coubera ao afastado Reino de Galicia coa fundación do seu primeiro colexio, en Monterrei, pero non todo sería esaxeración: Galicia, di un deles, era terra “inculta y bárbara”, na que escaseaban os clérigos “de vida honesta y recogida, y que tuviesen alguna noticia de las cosas de Dios”. Había polas aldeas, en definitiva, “grande ignorancia y grande olvido de Dios. No sabían [los campesinos] qué era confesarse sino de año en año, ni oír sermón, ni tratar de cosas de virtud, y las costumbres de los eclesiásticos y de los seglares [andaban] muy estragadas, y más las de los eclesiásticos, que antes que los más, con su vida escandalosa, instaban a los seglares”. El Reino no estaba menos necesitado de doutrina que las Indias de Ultramar, y en las misiones que por parroquias de la diócesis de Ourense

²² B. Barreiro Mallón, “La diócesis de Santiago en la época moderna”, en *Historia de las diócesis*, op. cit., páxs. 170-175.

²³ D. González Lopo, “La evolución del asociacionismo religioso gallego entre 1547 y 1740: el arzobispado de Santiago”, *Obradoiro de Historia Moderna*, 5 (1996), páxs. 164-165. Neste ámbito sería necesario introducir algúns matices territoriais, pois na diocese de Lugo, por exemplo, a fundación de confrarías é un proceso máis tardío, en parte porque moitas das súas parroquias eran moi pequenas (había case tantos anexos como matrices); vid. P. Saavedra, *La vida cotidiana*, op. cit., páxs. 352 e ss.

comenzaron a predicar los padres de la Compañía encontraban a la continua a gentes que “no tenían por malos los nefandos pecados de la carne, ni el amancebamiento, que era común entre ellos, ni la blasfemia, que era costumbre incluso entre las mujeres”²⁴.

En termos semellantes expresáronse os membros da Inquisición, tribunal establecido tardiamente en Galicia (na década de 1560, e coa finalidade primordial de vixiar os portos de mar, vías de entrada de persoas e libros da seita luterana e calvinista). Un deles dicía en 1572 que “si en alguna parte de estos reinos se requiere haya Inquisición es en Galicia (...), por no haber en ella la religión que hay en Castilla la Vieja, por no tener curas, personas de letras, ni templos sumptuosos y gente aficionada a oír misa y sermones ni cosas que tocan al culto divino y llena de supersticiones, y ser los beneficios tan tenues y pobres que por esto no hay clérigos suficientes para hacer los oficios de curas, ni se puede tener esperanza que los haya”, sendo habitual na xente común os perxurios e outros pecados atroces. O coñecemento da situación de “falta de doctrina” motivou que os inquisidores, nalgúns puntos, fosen pouco rigorosos nos castigos, polo que deberían dar explicacións aos membros da Suprema. Tal sucedeu en 1585 con respecto aos “fornicarios”, de que ao parecer abundaba o reino: “la razón por la que se usa poco rigor con los fornicarios es que entendemos por experiencia y estamos persuadidos que los más que prendemos de los naturales destes reinos, en donde hay mucha falta de doctrina, especialmente entre labradores y rústicos, dicen a tontas y sin saber lo que se dicen y por ignorancia que el tener acceso carnal un soltero y una soltera no es pecado, y no con ánimo de hereticar...; y como de ordinario las justicias deste Reino disimulan con los tales y no los castigan, aunque debieran, piensan que el acceso carnal, como no tenga circunstancia que agrave, no es pecado”²⁵. As fornicacións non parece que cesasen de todo, pero homes e mulleres que xacían fóra do matrimonio comezaron a entender que ofendían gravemente a Deus.

²⁴ E. Rivera Vázquez, *Galicia y los Jesuitas*, op. cit., páxs. 118 e ss. C. Fernández Cortizo, “«Las Indias de estas Partes»: la reforma del clero y del pueblo en el obispado de Ourense (1500-1650)”, en *XII Jornadas de Historia de Galicia. Perspectivas plurais sobre a historia de Galicia*, Ourense, Deputación Provincial, 2003, páxs. 55 e ss., con bibliografía sobre o descubrimento das “Indias de aquí” e os “salvajes interiores”, pág. 78.

²⁵ En J. Contreras, *El Santo Oficio de la Inquisición en Galicia, 1560-1700. Poder, sociedad y cultura*, Madrid, Akal, 1982, páxs. 628-629.

3. CONSOLIDACIÓN DOS TÓPICOS NEGATIVOS SOBRE GALICIA E OS GALEGOS

Malia os esforzos de prelados e ordes relixiosas e autoridades civís por implantar a reforma tridentina, a consolidación da Universidade e a fundación de colexios da Compañía e de diversas preceptorías de Gramática, ou quizais precisamente debido a todo isto, Galicia foise convertendo no curso do século XVI nunha auténtica “periferia cultural”, o que acabou dando patente de curso a unha serie de tópicos negativos que circulaban na corte sobre o reino e os seus habitantes durante a vida de Gregorio Fernández e mesmo despois. A lingua galega, que viña retrocedendo na escritura fronte ao castelán desde a Baixa Idade Media, quedou convertida nunha lingua oral, expulsada por completo do papelame crecente da administración eclesiástica e civil, dos documentos notariais e, case por completo, tamén da correspondencia. Este proceso tivo para o idioma consecuencias particularmente negativas ao coincidir coa consolidación fronte ao latín doutras linguas vulgares (castelán, portugués, catalán, francés, italiano, alemán) na administración e en xeral nos textos impresos, pois ocorreu ao tempo que se desenvolvía a imprenta, invento capaz de multiplicar as copias, de abaratalas e de estandarizar ou “ennoblecen” os idiomas que circulaban nos libros e papeis²⁶. Xa desde finais do século XV o galego é considerado en ocasións unha lingua “ruda”: Micer Gonzalo García di que, sendo aragonés, decidiu poñer en castelán, entre 1486 e 1491, *Las vidas de los sanctos religiosos* “porque el real imperio que hoy tenemos es castellano”, aínda que existen na mesma Coroa de Castela outros reinos, con linguas “algunas tan groseras y ásperas” como as de Galicia, Biscaia, Asturias e Terra de Campos. A comezos do século XVII Gregorio López Madera defenderá que Túbal e os primeiros poboadores da península falaban castelán, e logo apareceron outras linguas “subalternas y corrompidas” desta²⁷. En Galicia a imprenta tivo escasa importancia ao longo de toda a Idade Moderna, e os libros importábanse das cidades castelás, dos Países Baixos, Italia, Francia e Alemaña, pero o pouco que se edita desde finais do século XV está escrito en latín ou en castelán²⁸, e resulta sorprendente que para a xerarquía eclesiástica a lingua vulgar de Galicia sexa, desde a primeira metade do XVI, o castelán. E digo sorprendente

²⁶ Cf. R. Mariño Paz, *Historia de lingua galega*, Santiago de Compostela, Sotelo Blanco, 1999, e H. Monteagudo Romero, *Historia social da lingua galega: idioma, sociedade e cultura a través do tempo*, Vigo, Galaxia, 1999.

²⁷ R. Mariño Paz, *Historia da lingua*, op. cit., páxs. 232 e 305, coa bibliografía que cita.

²⁸ Vid. O. Rey Castelao, *Libros y lecturas*, onde sistematiza toda a información existente sobre a imprenta e analiza as bibliotecas e o comercio do libro, entre outras cuestións.

porque a maioría da poboación era monolingüe e non parece que aos bispos e curas isto lles supuxese unha barreira no seu labor pastoral²⁹.

Hai que reparar, así e todo, que a situación sociolingüística non parece a mesma cara a 1600 que no século XVIII, cando o uso do galego se convertera nun importante factor de diferenciación social ou de discriminación, segundo poñen de manifesto moitos textos do padre Sarmiento. En tempos de Gregorio Fernández o galego era unha lingua oral, a única usada pola case totalidade da poboación, incluídos os membros dos estamentos privilexiados que vivían no reino (posteriormente volveranse “apóstatas”). Non pertencía ás setenta e dúas linguas babélicas, e comezaba a se estender a opinión de que, como outras linguas peninsulares, o galego era unha corrupción do castelán (segundo López Madera); utilizábana a miúdo don Diego Sarmiento de Acuña e o seu círculo e, en todo caso, escribir nun determinado romance non tiña as implicacións políticas —digámolo así— de séculos despois, que a miúdo condicionan a análise de problemas do pasado. Como afirmaba Miguel de Cervantes por boca de don Quixote, nun fermoso discurso sobre a poesía: “En resolución, todos los poetas antiguos escribieron en la lengua que mamaron en la leche, y no fueron a buscar las extranjeras para declarar la alteza de sus conceptos; y siendo esto así, razón sería que se extendiese esta costumbre por todas las naciones, y que no se desestimase el poeta alemán que escribe en su lengua, ni el castellano, ni aun el vizcaíno, que escribe en la suya”³⁰.

O feito do imperio e ao tempo a “castellanización” da corte con Felipe II, o desenvolvemento das linguas romances e das corografías —que perfilaban os “humores” de cada territorio— e ata a loita de faccións cortesás construídas parcialmente por vínculos de veciñanza contribuíron a destacar os trazos identitarios de cada unha das nacións que compoñían unha monarquía moi diversa e dilatada na súa composición, segundo é ben sabido³¹. Dentro da Coroa de Castela, quedou definida por trazos negativos, por uns tópicos que resulta moi fácil atopar na literatura do Século de Ouro, xa sexa en Lope, Tirso, Góngora, Mira de Amescua

²⁹ A actitude da xerarquía eclesiástica pode verse consultando o *Synodicon Hispanum, I*, editado por A. García García. Sen dúbida moitos curas predicaban e confesaban en galego, pois, pola contra, seríalles imposible entenderse co seu rabaño.

³⁰ Na II parte, cap. XVI.

³¹ Cf. A. Álvarez-Osorio Alvaríño e B. J. García García, eds., *La Monarquía de las Naciones. Patria, nación y naturaleza en la Monarquía de España*, Madrid, Fundación Carlos de Amberes, 2004, e R. L. Kagan, “La corografía en la Castilla Moderna. Género. Historia. Nación”, *Studia Historica. Historia Moderna*, 13 (1995), páxs. 47-59, e “Clío y la corona: escribir historia en la España de los Austrias”, en R. L. Kagan e G. Parker (eds.), *España, Europa y el mundo atlántico. Homenaje a John H. Elliott*, Madrid, Marcial Pons, 2001, páxs. 113-147.

e no propio Cervantes. Os galegos son notados de pobres, borrachos, sucios, ladróns, covardes, mentireiros e apoucados, aínda que os escritores teñen bo coidado de advertir que tales cualificativos se refiren á xente común, non á nobreza, que “es de lo mejor de España”³². Ocupados en oficios viles na corte ou de segadores temporeiros, o xentilicio “gallego” íase convertendo en insulto como lembraba en 1816 o cura compostelán Santiago Pastoriza Taboada, cando defendía a necesidade da instrución primaria: “¿Cuánto no ha padecido antes de ahora el alto honor y gloria inmortal de este esclarecido Reino en Cádiz, Madrid, Lisboa y ambas Castillas, solo por la rusticidad y embrutecimiento de los que emigran para cargar en dichos pueblos con la expuesta botija de agua y con los haces de trigo y cebada en el campo? ¿Negarán los tales que por su barbarie, ninguna educación y menos política han sido tratados con el mayor desprecio y abatimiento, hasta abusar con ellos del glorioso epíteto ‘gallego’, como por befa, burla y escarnio”³³.

Á marxe de consideracións simplistas ou de xuízos sumarios, que serven para expresar indignación pero non para explicar os feitos, hai que ter en conta, ademais do xa sinalado, que a estabilización da corte e a crecente complexidade da súa etiqueta, e o refinamento que rexía os comportamentos, a converteron en foco de difusión de novos valores culturais en todo o referido ás formas admitidas de civildade. Ao mesmo tempo, o avance do proceso da contrarreforma ou reforma católica —aínda que menos radical neste aspecto que a protestante— contribuíu á aparición do “hombre moderno”, caracterizado pola asunción de crenzas e prácticas relixiosas en consonancia coa ortodoxia, polo dominio da lectura e a escritura, polo aprecio da privacidade fronte a unha torpe promiscuidade, polo control do corpo e das súas paixóns fronte á descompostura e brincadeiras lúbricas; en definitiva, polo ideal —poucas veces real— dunha nova civildade que se afastaba moito da cultura campesiña, colectiva, inzada de supersticións, bárbara, envés da vida urbana e en especial cortesá³⁴. No novo universo cultural emerxente (que estima que a civilización está na cidade), os campesiños, en especial os que viven illados e falan

³² M. Herrero García, *Ideas de los Españoles del siglo XVII*, Madrid, Gredos, 1966, páxs. 200-225.

³³ En P. Saavedra, *La vida cotidiana*, op. cit., pág. 378.

³⁴ Vid., en relación con todo isto, N. Elías, *El proceso de civilización. Investigaciones sociogénicas y psicogénicas*, Madrid, FCE, 1988 (ed. orixinal 1977); e máis centrado o tema que aquí nos interesa, R. Muchembled, *L'invention de l'homme moderne. Sensibilités, moeurs et comportements collectifs sous l'Ancien Régime*, París, Fayard, 1988, e tamén o volume editado por P. Prodi, *Disciplina dell'anima, disciplina del corpo e disciplina della società tra medioevo ed età moderna*, Bolonia, Il Mulino, 1994. Unha crítica das formulacións de N. Elías e seguidores en H. P. Duerr, *Nudità e vergogna. Il mito del processo di civilizzazione*, Venecia, Marsilio, 1991 (non nega o “proceso de civilización”, pero lévao ao Medioevo).

linguas peregrinas, son reputados de seres salvaxes e case infieis, igualmente necesitados de doutrina que os indios. Había moito que misionar nas “Indias de estas partes”, como quedou indicado.

Rudos, supersticiosos, iletrados, medio nus, illados en aldeas afastadas da civilización urbana, consumidores de alimentos de pouca estima (centeo, millo miúdo, nabos e outras verduras, graxa de porco...), os galegos tiñan todos os triunfos para se converteren na antítese do home moderno. Góngora foi, talvez, quen mellor expresou esta situación, cando alude ao “campo de tojos matizado / berzas gigantes, nabos filisteos (...) / traje tosco y estilo mal limado (...) / pan de Guinea, techos ahumados / candelas de resina con tericia / papas de mijo en cuncas de madera / cuevas profundas, ásperos collados / es lo que llaman Reino de Galicia”. Tamén se lle atribúe outra coñecida composición, non menos despectiva: “Reino infeliz, país desventurado, / de España muladar, rincón del mundo, / entre tinieblas siempre sepultado. / Áspero, rudo clima, temple airado. / Infiel, bárbaro trato, sitio inmundo. / Gente sin sociedad, campo infecundo...”³⁵.

Galicia, era, en definitiva, un país de bárbaros e infieis, de “gente sin sociedad”, vale dicir, habitado por persoas afastadas do comercio social e político propio da nova civilidade cortesá ou polo menos urbana; a súa excentricidade convertíaa en palabras de Estebanillo González en “rabo de Castilla, servidumbre de Asturias y albañar de Portugal”. En certo modo as desvantaxes dun hábitat disperso e da ruralización da economía admitíaa o cisterciense Atanasio de Lobera, do círculo cultural de don Diego Sarmiento de Acuña, aos que logo me referirei: na súa *Corónica Grande del Reino de Galicia* sostén que son os galegos xentes moi aptas para as letras en grao superior ao resto dos españois: “y que el ser pocos los que se señalan en ellas proviene de ser solos los que las tratan. Porque, supuesto en buen temperamento y que el más ordinario sustento de la gente es leche, manteca, miel y fruta, naturalmente han de salir grandes ingenios, y el florecer y campar pocos, topa en la falta que hay de piedras a propósito de darles el filo. Que como la gente vive por los campos, retirado un vecino de otro, las casas son malas, el ejercicio andar con el ganado por montes, el niño mama lo que vee y abraça aquello en que se cría. Este, pues, es el tropiezo donde caen y se mancan las habilidades gallegas. Que si vivieran en comunidades donde hay escuelas, hay urbanidad en el vestir, en el hablar, en comer y beber y en todas las acciones naturales y artificiales, donde comunican los hombres y se comunican las cosas, hay quien alabe y vitupere, castigo y premio, honra y menosprecio, y visto uno y otro, tiene ocasión la

³⁵ Vid. M. Herrero García, *Ideas de los españoles*, op. cit., páxs. 202-225, con outros moitos exemplos.

naturaleza de echar mano de aquello a que se inclina, corrieran los ingenios por diverso camino”³⁶.

E malia vivir retirada “entre rocas y carballos”, aos campesiños galegos non lles acaen “en ninguna manera las palabras y significaciones con que gradúan en otras tierras y declaran el trato y condición áspero y bronco de labradores y gente ordinaria, llamándolos villanos, çafios, cabeçudos, duros, adobes y otras cosas a este modo”. Pola contra, a xente común de Galicia, “llevada con bien y tratada con blandura es blandísima, sencilla, confiada, comedida, caritativa, liberal, dadivosa, amiga de amigos y, sobre todo, obedientísima y sujeta a la iglesia y a la justicia y a sus ministros y señores temporales, y a los que no lo son”. Atanasio de Lobera “ennoblece” tamén aqueles alimentos máis consumidos en Galicia: “su vino — afirma— es tan precioso que ningún otro de que hay noticia le iguala”; o gando maior e menor abunda por todas as partes e abastece as carnicerías da península; non hai moito trigo, pero o dalgunhas comarcas proporciona un pan que en poucas partes de España se atopa outro igual e o centeo, que se cultiva en grande abundancia “y el pan que sale dél [es] tan blanco y de tan buen gusto que ninguna falta hace el trigo, especialmente para la gente de capa negra, como suelen decir, de sacar de la flor de harina de centeno pan que llaman blanqueado, tal que iguala al ordinario de trigo”. A manteiga, por outra banda, suple con vantaxe o aceite no aderezo da comida³⁷.

4. AS APOLOXÍAS DO REINO

A corrente denigrativa do reino e dos seus moradores corría cada vez máis caudalosa, a medida que os máis destacados autores literarios, tratadistas políticos e historiadores se sumaban a ela. A historiografía viña tratando de fundamentar a “identidad española” desde a Baixa Idade Media. Conforme o catolicismo se convertía en trazo diferenciador da monarquía hispana e avanzaba o proceso de exclusión dos descendentes de “malas razas”, aqueles territorios que estaban en condicións de acreditar que neles a relixión predicada por Santiago nunca deixara de se practicar por obra da seita mahometana ou por outros ataques poderían reclamar para si o recoñecemento de “fundadores” de España pois os seus habitantes foran os primeiros e máis xenuíños “españoles”.

³⁶ J. L. Rodríguez Montederramo, “Gondomar y la historia del Reino de Galicia: Estudio y edición del borrador dela Corónica Grande del reino de Galicia, de Atanasio de Lobera”, en *El libro antiguo español*, páx. 335.

³⁷ *Ib.*, páxs. 337-338.

Como sinalou o prof. Pablo Fernández Albaladejo nun recente e luminoso traballo, “la compleja e inestable situación política aberta a raíz de la Revolución trastámara, con las exigencias de legitimación que pasaban a gravitar sobre la nueva dinastía, abrió las puertas para una nueva reflexión sobre el pasado hispano visto en clave de Castilla. En ese escenario los godos desempeñaban un papel central, reforzado si cabe a través de las características que adornaban sus orígenes y de la grandeza que se confería a sus realizaciones”³⁸. O goticismo triunfante reduciu a pouca cousa a herdanza romana, considerada en ocasións incluso negativa: “España mucho más debe gloriarse de sus godos y de sus propios naturales españoles, que no de los beneficios ni industria de la gente romana”, escribía Gonzalo Fernández de Oviedo. Os xenealoxistas apresuráronse, neste contexto, a facer descender dos reis godos os Reis Católicos e a partir deles, os da dinastía Habsburgo.

Pero aos godos xurdíronlles outros serios competidores: os montañeses ou cántabros. Esteban de Garibay y Zamalloa, na súa obra *Los XL libros del Compendio Historial*, publicada en 1571, facía unha historia individualizada dos diversos reinos de España, coa finalidade de corrir o castelanismo, dominante na historiografía desde o século xv polo menos. Garibay admitía que Túbal, neto de Noé, era o “universal padre de los verdaderos y originarios españoles”, pero o patriarca asentárase en Cantabria, como o probaba, entre outras evidencias, a “lengua de Cantabria llamada ahora Bascongada”, que falaron os primeiros españois e tiña a categoría de babélica. Paio, loxicamente, perdía a condición de godo, para adquirir a de cántabro, isto é, a de descendente de Túbal, ao igual que a dinastía reinante e o conxunto dos españois: “Garibay formalizaba así una versión relativamente completa de lo que ha venido a llamarse el *cantabrisimo*, especie de estadio supremo del ascendiente *fundamentalismo* español (...). Culminando en cierto sentido el proceso, la aparición a fines de los ochenta de la obra de Poza, con una novedosa reelaboración filológica y jurídico-política de los argumentos, abría una vía que llevaría al cantabrisimo a convertirse en exclusivo patrimonio cultural de los territorios de Biscaia y Guipúzcoa”³⁹

³⁸ P. Fernández Albaladejo, “Entre godos y montañeses. Avatares de una primera identidad española”, *Cuadernos de Alzate*, 33 (2005), páxs. 23-24.

³⁹ P. Fernández Albaladejo, “Entre godos...”, páxs. 40 e 41. No libro III, cap. IV, trata das linguas, e menciona, á parte do “enusquera”, a castelá, a catalá e valenciana. No cap. V, do mesmo libro, admite que Túbal estivo en Asturias e Galicia (onde fundou Noia), pero veu desde Cantabria, territorio que para el limitaba a occidente con Asturias de Santillana; a cidade de Cantabria di que estaba nun alto, entre Logroño e Viana (libro VI). A Galicia préstalle moi pouca atención no seu *Compendio Historial* (utilizo os dous vols. da Biblioteca Xeral da Universidade de Santiago).

En efecto, ao xurista Poza encargáralle a Deputación Foral de Biscaia a elaboración dunha resposta á obra do fiscal da Real Chancelería de Valladolid Juan García de Saavedra, galego de nación, quen, na súa *De hispanorum nobilitate et exemptione...* (1578), sostiña que as probas de fidalguía tiña que realizalas cada persoa ou familia de modo individual e que había que acreditar positivamente casa soar con vasalos, non pagar peitas. Os argumentos de Andrés de Poza, defensor da fidalguía universal dos biscaíños (recoñecida no Foro Nuevo de 1527), consisten, entre outros puntos, en sinalar que onde non hai vasalos non pode haber señores, e onde non se pagan peitas non se pode diferenciar entre fidalgos e peiteiros. Avanza, ademais, na liña historiográfica do cantabrisimo, segundo resume Carmen Muñoz de Bustillo: “la antigüedad «*de la nación montañesa*», la fidalidad que siempre demostró «*a los demás pueblos de España*», y la reputación inmemorial de su nobleza dentro y fuera de Península, justifican sobradamente que las leyes declaren, y el rey confirme, la común hidalguía de todos los de Vizcaya. Antigüedad de los «*aborígenes puros y sin mezcla*» que se manifiesta en sus costumbres, vestimentas y, sobre todo, lengua. «*Egregia fidelidad*» que se hiciera patente desde «*aquella derrota memorable de Rodrigo*». Y común e inmemorial reputación, avalada tanto por la tradición oral: «*Vizcaíno originario, luego hidalgo*», como por la práctica forense, de la que dan buena cuenta, entre otros, los guipuzcoanos y alaveses; vecinos que, por «*haberse defendido de los moros*», son también en buena medida, «*tenidos y habidos por hidalgos de solares conocidos*». Unos y otros pueden blasonar de que su suelo sea “el archivo y seminario de la nobleza de Hespaña, las montañas, campos y riberas que ven y pasean son las mismas que vieron, gozaron y pasearon sus centéssimos abuelos y dende el patriarcha Túbal a esta parte no se les conoce otro suelo ni otro origen; la lengua que tienen es la misma del dicho Túbal, aquí ha sido y es el escudo y muro de las Españas, aquí el almacén de las armas: fierro, hazero y astas, lanças, picas y dardos los mejores de Europa”. En definitiva, es aquí donde se localiza “la población primera de las España, riberas del Ebro arriba”⁴⁰.

A monopolización do legado cántabro polos biscaíños (o que viña degradar o resto dos territorios do norte, sospeitosos de non conservar de modo ininterrompido a fe católica en toda a súa pureza), a difusión dos tópicos negativos sobre os

⁴⁰ C. Muñoz de Bustillo, “Estudio introductorio”, en A. de Poza, *Fuero de hidalguía: Ad Pragmaticas de Toro et Tordesillas*, Bilbao, Universidad del País Vasco, 1997. Tamén sobre Poza, J. Juaristi, *Vestigios de Babel. Para una arqueología de los nacionalismos españoles*, Madrid, Siglo XXI, 1992, páxs. 40 e ss., e P. Fernández Albaladejo e J. M. Portillo Valdés, “Hidalguía, fueros y constitución política: el caso de Guipúzcoa”, en *Hidalgos et Hidalguía dans l’Espagne des XVI-XVIII siècles: théories, pratiques et représentations*, París, CNRS, 1989, páxs. 149-165.

galegos, e ao tempo a institucionalización das Xuntas do Reino, a consolidación da fidalguía e o ascenso na corte dos Castro, Sarmiento de Acuña, Andrés de Prada, que debían competir coas diversas faccións que aspiraban a incrementar o seu poder, constitúen os principais factores que están detrás de escritos vindicativos de Galicia, saídos da pluma ou do círculo do señor de Gondomar e do gran conde de Lemos⁴¹. Neses textos Galicia non era unha “periferia de la civilización”, senón o berce e depósito do cristianismo hispano e, en consecuencia, a parte máis nobre de cantas compoñían a monarquía. Abondaba para probalo que o apóstolo Santiago quixese ser soterrado na Finisterrae, e que para iso os seus discípulos o transportasen nunha barca de pedra ata Iria-Flavia, para a continuación levalo unhas leguas terra dentro, malia a momentánea inimiga da raíña Lupa, quen axiña se deu conta do seu desatino.

A don Diego Sarmiento de Acuña indignouno moi especialmente a *Monarchia Lusitana* (1597, 1609) do cisterciense portugués Bernardo Brito, continuada despois polo seu compañeiro de orde Antonio de Bradão. Brito desligaba a orixe de Portugal (poboado por Túbal) de Galicia, sostiña que os portugueses de entre Douro e Miño foran os máis heroicos na súa resistencia aos romanos, e que o apóstolo Santiago iniciara a súa predicación por Braga —cuxa igrexa adquiría así primacía sobre Compostela— e se despois fora a Galicia é porque alí había unha comunidade xudía, como maliciosamente insinuara o cardeal Baronio nos seus *Anales eclesiásticos*⁴². Na súa célebre carta que desde Londres lle envía en xaneiro de 1614 ao secretario Andrés de Prada, natural de Valdeorras (Ourense), o señor de Gondomar confesa un certo tedio e cansazo, e declara que só desexa “morir como cristiano y como fidalgo gallego”. E en canto ao libro de Brito opina que “se recoja y queme”, xa que todo se reduce a “disparate y borrachera”: “menos dijo el fiscal Juan García de los vizcaínos, y se lo hicieron borrar”. Continúa relatando as fazañas

⁴¹ Sobre os políticos galegos da época, E. González López, *Los políticos gallegos en la Corte de España y la convivencia europea: Galicia en los reinados de Felipe III y Felipe IV*, Vigo, Galaxia, 1969. Sobre as xuntas do reino resultan fundamentais os diversos volumes das súas Actas, que con introdución e estudos preliminares editou desde 1995 A. Eiras Roel, Santiago, Xunta de Galicia, vid. en especial para o tema que nos ocupa o vol. I.

⁴² Sobre todo isto, vid. O. Rey Castelao, “Intercambios socioculturais entre Galicia e Portugal na Idade Moderna”, en J. Hernández Borje e D. González Lopo, coords., *Pasado e presente do fenómeno migratorio galego en Europa*, Santiago de Compostela, Sotelo Blanco, 2007, páxs. 94-96; e da mesma autora, “La disputa del patronazgo de la monarquía: ¿Santiago o Santa Teresa?”, en *Coloquio sobre Felipe III y su tiempo*, Madrid, Universidad Autónoma, en prensa. Sobre a última cuestión, vid. tamén I. A. Thompson, “Castilla, España y la monarquía: de la patria natural a la patria nacional”, en R. L. Kagan e G. Parker, *España, Europa*, op. cit., páxs. 177-216 (non trata directamente do copadroado de Santa Teresa, pero si do contexto de reacción castelá en que se presenta).

dos cabaleiros galegos na reconquista e noutras empresas da monarquía (“En todos tiempos y en todas edades y siglos hallamos gallegos gobernando y peleando en servicio de Dios y de sus reyes”). E lembra que na batalla de Clavijo o apóstolo Santiago quixo loitar ao carón das tropas que mandaba don Luis Osorio, señor de Chantada: “mostrando con este ejemplo el agradecimiento y buena acogida, grandes dones y veneración con que había sido recibido su santísimo cuerpo en Galicia. Y así, gallego estará también Santiago, soldado defensor y patrón de las Españas”.

En opinión de don Diego Sarmiento de Acuña, “no se hallará, ni por tradición ni por escritura, que gallego ninguno haya sido traidor a Dios, ni a su señor, ni se ha visto gallego hereje, ni judaizante, ni matador alevoso, ni pueblo debelado [rendido al enemigo]”. E, “¿qué nación en el mundo puede decir esto?”. Foi Galicia “la conquistadora de todo lo que hoy posee la monarquía”, o que non impide que o reino estea gobernado “en lo temporal y espiritual por forasteros, que llevan sus ahorros, sus trabajos y su sudor a enriquecer las tierras de donde son naturales (...). Y, sobre todo, lo que no sabemos haga otra nación en el mundo, hace la nobleza de Galicia, pues todos los señores naturales sacan la subsistencia de sus vasallos y su patria para illo a gastar en las extrañas, en servicio de Dios y de su rey”. En definitiva, se todos os nacidos de Galicia concorresen nas calidades dun home o resultado nada deixaba que desexar: “hallarémole de raza antiquísimamente noble, de clara y limpia sangre, sin ninguna mezcla de judío, moro ni penitenciado: leal, sin mancha, firme y religioso católico; valeroso, sabio y prudente con eminencia, probado y experimentado en los mayores cargos y oficios (...). Esta es la parte del gallego para honra y gloria de la Monarquía, veamos si hay otro reino que pueda decir de estas cualidades. Fue Galicia reino y reyes tuvieron este título primero que ninguno otro de España, pues ya en tiempo de Santiago sabemos que reinaba en Galicia la reina Loba. He ido diciendo a V. aquí aprisa lo que se me ha ido ofreciendo: tengo en Valladolid mis libros y papeles, de que me atreviera a sacar mayores volúmenes de heroicos y valerosos hechos y virtudes de solos los gallegos, que de todas las naciones juntas”⁴³.

Cos libros e papeis que na súa casa valisoletana de El Sol tiña o señor de Gondomar traballara ata 1605 o cisterciense Atanasio de Lobera, oriúndo da Rioxa e abade de Montederramo, e que deixou inacabada a *Corónica Grande del Reino de Galicia*, xa mencionada atrás, e cuxo borrador coñecemos desde hai pouco

⁴³ En C. Manso Porto, *Don Diego Sarmiento de Acuña (1567-1626), erudito, mecenas y bibliófilo*, Xunta de Galicia, 1996.

grazas ás investigacións de J. L. Rodríguez Montederramo⁴⁴. Para Lobera, as probas que se veñen utilizando para acreditar a “excelencia de los reinos de España” demostran ás claras que Galicia é “el más calificado, no solo respecto de otro, sino de todos, hallándose como se halla en él, junto y mejorado, lo bueno que en los demás está repartido, e algo e mucho más”. Comenzando por la fundación “y calidad de los fundadores: el mismísimo patriarca Noé lo habitó, y a él se debe el origen de poblaciones como Noia y Navia, dexando asimismo a los suyos por principal y esencial fundamento y firmeza de sus fundaciones el conocimiento y culto de un sólo Dios, con las leyes, ciencias y doctrina que les había enseñado”.

Na cuestión da lingua, cando o galego non se escribía e comezaba a se considerar unha deturpación do castelán, sen posibilidades de entrar no selecto grupo das babélicas, Atanasio de Lobera manifestaba unha afouteza considerable: “Que pues algunos autores no sólo dicen, sino que prueban con muchas razones, que la primera lengua de España fue la que habló Adán y sus descendientes, que la conservó Noé y los de que de los suyos dexaron de asistir en el edificio de la torre de Babilonia, donde sucedió la confusión de las lenguas, sin escrúpulos se puede decir que quedó en Galicia, a donde vivió el mismo Noé, y se conservó por muchos siglos juntamente con las demás cosas que ordenó y enseñó. Y no dudo sino que mucha parte de la que hoy está en uso es della. Porque bien hablada es graciosa, suave, elegante, sentenciosa y que en pocas palabras comprende mucho, y mejor que otra la esencia de lo que va tratando”⁴⁵.

Sentado o anterior, o demais era importante pero no contexto da época requiría menos audacia e patriotismo: Galicia adorara sempre un só Deus e por iso recibiu, antes que ningún outro territorio, a predicación de Santiago: “En ninguna tierra ni nación de cuantas hoy se hallan (...), se puede afirmar ni aun presumir haberse plantado y conservado, si no en ésta y en las demás montañas sus colaterales, el conocimiento y culto de un verdadero Dios (...). Y siendo, como es cierto, que ninguna obra buena, aunque sea moral, deja Dios sin premio, como ningún vicio sin castigo, no sería arrojamiento entender y decir que el haber la providencia del ciclo ordenado que luego, al amanecer de la ley de gracia y nueva luz del Evangelio, lo viniese a predicar al reino de Galicia por tantas tierras y mares (mies toda sin obreros) un ministro tan grande como Santiago, y que juntamente lo escogiese como depositario perpetuo de su sagrado cuerpo, que premio de las virtudes y

⁴⁴ “Gondomar y la historia del Reino de Galicia”, op. cit. Desde a biblioteca do Palacio Real de Madrid véñse traballando intensamente nos fondos de Gondomar por parte de M^a L. López-Vidriero e J. L. Rodríguez Montederramo.

⁴⁵ J. L. Rodríguez Montederramo, “Gondomar y la Historia de Galicia”, op. cit., páx. 332.

méritos de sus naturales. Digo más, que si en alguna tierra de las que hoy conocemos los hombres se conservó el culto de un solo y verdadero Dios, que en Galicia. Mi fundamento es haberlo los primeros habitantes recibido de los santos patriarcas, sus fundadores, que lo dexaron enseñado y entablado a sus sucesores”⁴⁶.

En definitiva, Noé, acompañantes e descendentes instaláronse en Galicia porque ao existir abundancia de leite, manteiga, peixe, froitas e hortalizas, “ninguna tierra en España ni, por dicha, en el mundo, se podía hallar para vivir los hombres más acomodada que ésta. Y no va fuera de propósito entender que jamás con estos primeros habitantes se mezcló alguna otra gente, así por estar retirada cada casa por sí y muy distante, sin necesidad de correspondencia unas de otras por tener lo necesario todas, y ser la tierra untuosa”, ao que se engadía a “natural e indómita braveza” dos naturais, “acompañada de fuerças corporales y de ligereza grande”.

Desde aquela Galicia xamais se despobou (nin sequera durante a “seca general” de España, ou período de vinte e seis anos sen chuvias). Os gregos fundan “poblaciones gruesas” na costa, á parte da cidade de Ourense, pero os romanos non a señorearon: “sino que en cada montaña o comarca habría algún principio de superioridad al más noble, sabio, poderoso o fuerte (...). Y si Bruto, capitán romano, triunfó de ella, fue sólo vencer a los que ofendidos, acudían a oponerse a la defensa natural, volviéndose en pasando este nublado a sus choças y haciendas”⁴⁷; o mesmo lle acaeceu a Octaviano Augusto, e “tampoco Galicia estuvo sujeta a los reyes suevos hasta que, dexando la seta arriana, la uniformidad de ley y la obediencia a la iglesia que parte para que la mayor parte del reino se diese a ellos y a los godos, que en el señorío y corona sucedieron”. En fin, Lobera fai a Pelayo natural de Tui, e desde logo dá por sentado que os habitantes de Galicia conservaron as súas grandes virtudes “desde sus primeros principios hasta la venida del hijo de Dios al mundo y predicación del Santo Evangelio. Y sucesivamente, desde aquel tiempo al presente, sin que haya habido quiebra en la fe que recibieron, ni en sus tierras mezcla de moros e judíos, sinagogas e mezquitas”. Non houbo herexes nin herexías, polo menos entre os naturais.

Lobera ocúpase así mesmo do nome de Galicia e da demarcación do seu distrito, igual que Gambay se ocupara dos límites de España (a Península ibérica, coas fronteiras vixentes daquela con Francia). Con independencia de que o nome se formase de “gallos y griegos” ou de “gallos y Briga”, estaba claro que as terras entre Douro e Miño formaban parte de Galicia, ao contrario do que pensaba

⁴⁶ Ib., páx. 332.

⁴⁷ Isto é, os romanos só controlaban os lugares populares, pero os galegos nativos residían no campo.

Bernardo Brito. Trata de seguir unha cronoloxía precisa, pois estima que desde a creación do mundo ata o “diluvio general” pasaron 1656 anos; e desde o diluvio ata que Túbal veu poboar España (acompañado de Noé e comezando por Galicia) 143, e desde esta vinda ao nacemento de Cristo 2161. En todo este tempo asentáronse en Galicia diversas xentes, comezando polos caldeos: “En conclusión, el reyno de Galicia fue en sus principios fundado y poblado por Tubal y Noé y los caldeos que con ellos vinieron. Pasados novecientos y noventa años entró en él el capitán Teucro, griego de nación, a quien hemos atribuido la fundación de las ciudades de Pontevedra y Orense. Sucesivamente hizo asiento en las tierras de Entre Duero y Miño Diomedes, que con sus griegos dio principio a la ciudad de Tide, y otros lugares en aquellas comarcas. Por el mismo tiempo se ha dicho que el capitán Astur, también griego, fundó la ciudad de Astorga y a ella y a Asturias dio su nombre. Las ciudades de Tui y Iria, al presente el Padrón, fueron adelante fundaciones de los griegos que asentaron Entre Duero y Miño. A esos años después los cartagineses que venían en la flota de Hymilcon dieron principio a la ciudad de Braga (...). De modo que en dos mil y quinientos y setenta y quatro años que corrieron desde la fundación de Galicia hasta el año cuatroçientos y trece del nacimiento del hijo de Dios, en el qual señalan los historiadores la venida y asiento en Galicia de los alanos, ninguna otra gente se sabe fundasse en ella. Verdad es que se levantaron en los tiempos antiguos otras muchas fundaciones por orden de romanos y de otras gentes, como en sus lugares se dirá, pero solo fue aumentar poblaciones que lo eran o habían sido”⁴⁸.

A obra proxectada por Atanasio de Lobera tiña, como sinala J. L. Rodríguez Montederramo, parte de corografía; pero ante todo respondía aos desexos de don Diego Sarmiento de Acuña de reclamar para Galicia a condición de territorio matriz de España, e por iso o máis nobre. En diversos puntos, Lobera trasladaba a Galicia os trazos de nobreza que Garibay predicara de Cantabria, insistindo a maiores no singular privilexio de ser o lugar elixido polo apóstolo Santiago para descansar (para Garibay este feito significaba a predilección do apóstolo por España, antes que por Galicia en particular).

Cara a 1620 o coruñés Juan Medio de Sande, relacionado coas institucións do reino (Xunta, Audiencia), na súa “Relación de la antigüedad, origen y fundación de la muy noble y muy leal ciudad de la Coruña”⁴⁹, sostiña ideas parecidas a Lobera:

⁴⁸ En X. L. Rodríguez Montederramo, “Gondomar y la historia del reino de Galicia”, op. cit., páx. 362.

⁴⁹ Editada recentemente cun documentado estudo preliminar e abundantes notas por M. R. García Hurtado, en O. Rey Castelao (coord.), *Cuatro textos. Cuatro contextos*, op. cit., páxs. 231-282.

“Este reino fue poblado de diversas naciones, y su antigüedad es mayor que la de ningún otro de España, y se puede decir que igual a la de todo el mundo por haberlo poblado Noé y su nieto Túbal y sus compañeros, y por esta razón sus pobladores fueron de los más ilustres y religiosos (...), y los que después se mezclaron con sus descendientes fueron de los más valerosos y nobles del mundo, como de las historias consta y de sus grandes hechos en armas, pues no ha habido guerra ni conquista hecha por españoles, así en tiempos antiguos como en los modernos, dentro y fuera de España (...), en que los gallegos no se hayan señalado, peleando por sí y por otros”⁵⁰.

Foi Galicia “el último reino que poseyeron los romanos en España (...), por haber defendido siempre su libertad con tanto valor que fue necesario para acabarle de reducir juntar la mayor potencia romana, siendo después los gallegos los últimos que quedaron con los romanos, mostrando en lo uno y lo otro su valor, firmeza y fidelidad”. Ademais, Deus honrou a Galicia con particular privilexio, asignándolle o apóstolo Santiago, quen levou a Palestina discípulos galegos, que participaron nos primeiros concilios e trouxeron o seu corpo. Tampouco podían faltar en Medio de Sande as referencias ás “muchas casas de grandes, títulos y caballeros de antiguas familias, cuyos apellidos y sangre se extienden por toda España, Italia e Indias”, así como “al valor y fidelidad de los naturales, siempre muy estimados de sus reyes”⁵¹.

Tivo máis impacto o texto titulado *El Búho Gallego con las demás de España*, atribuído ao gran conde de Lemos e escrito cara a 1620. Nel preséntase un “parlamento avícola”, no que cada territorio da Península aparece representado por unha ave, que defende a súa patria fronte ás demais. Aínda que a miúdo o texto se atribuíu ao desexo de Galicia de recuperar o voto en Cortes, esta non é a súa única finalidade nin talvez a principal, pois na asemblea participan os territorios que non pertencían á Coroa de Castela: os biscaíños, navarros, cataláns, valencianos e portugueses. E xustamente o “principal enemigo del búho no es el ganso castellano o la avutarda manchega, sino el tordo vizcaíno”⁵². E é explicable porque se trataba de sentar que nación se podía atribuír o título de ser o berce ou fundadora de España, o que para o Búho non ofrecía dúbida: “De las partidas del mundo la mejor

⁵⁰ Ib., páx. 235.

⁵¹ Ib., páxs. 243-244.

⁵² Existen varias copias manuscritas na Biblioteca Nacional de Madrid e na Biblioteca da Universidade de Santiago. Tamén se editou en diversas ocasións. Vid., ao respecto, a de X. M^a Álvarez Blázquez, Vigo, 1951, e a de A. E. de Mañaricua, *Polémica sobre Vizcaya en el siglo XVII: el Búho Gallego y el Tordo Vizcaíno*, Bilbao, Gran Enciclopedia Vasca, 1976. Inclúe a réplica ao autor do Búho, escrita cara a 1640, e que volve incidir nos tópicos negativos sobre os galegos. Non imos estendernos máis analizando a prolongación da polémica e a exclusión de Galicia da “nación cántabra”.

es sin duda Europa, figurada por una piel de toro, y de la Europa la mejor provincia es España, por ser la cabeza del mismo toro, cuyo cabo es Finisterre en Galicia (...). “Ahora, pues —dixo o noso Búho— si España, por ser cabeza de la piel que significa Europa, es la mejor de ella, por la misma razón se sigue que Galicia, mi patria, es la mejor de España por ser cabo y cabeza desta cabeza. Y si averiguamos más esta verdad, de las provincias de España, a imitación de los demás de Europa, ninguna hay tan aborrecida como la gallega, como lo mostráis en el acto presente. Tanto, que algunas de las otras, sintiendo, hablando y mirando a los moros en aquel adaxio antiguo, que es harto de llorar permanezca en vuestras tierras semilla que ellas sembró aquella pestífera secta, soléis decir con ellos «antes puto que gallego», en que dais a entender que aborrecéis menos este vicio que la nación gallega (...). De donde se seguirá que todos los que fueren deste parecer de los moros, serán de su casta y descendencia, o, por lo menos, no españoles, que a serlos, forzosamente han de descender de gallegos, montañeses, asturianos; porque aquel diluvio de árabes y africanas aves, solas estas tierras dejaron de inundar. Así que, por todo lo dicho, queda probado que el búho gallego de todas las demás aves desta junta es el lexítimo y verdadero español, y quien más tiene derecho a este nombre”.

En definitiva, o Búho iniciaba a sesión parlamentaria como prototipo de galego vil e “cuitado”: “como criado en pantanos y cenegales de su tierra (...), cada día exercita oficios indecentes, limpiando campos, limpiando zentinas y otras cosas asquerosas por cobdicia de un real que se le da”. Non outra cousa se podía esperar dunha “ave nocturna de abominable pluma y traxe”, indigna de tomar asiento “en parte que las aves diurnas, de rico y cortesano traje, de suave y agradable vista, limpias y apacibles, que se sustentan de granos puros y públicamente festejan y acompañan a Vuestra Magestad, adornadas de lucidas plumas que más pregonan su grandeza (...) cosas todas de que carece el búho, criado en las montañas y cavernas de Galicia, tan tosco en su modo de hablar que no tiene palabra bien sonante ni pensamiento que a cosa de valor aspire”. Con argumentos contundentes, o Búho conseguía reducir a perpetuo silencio as demais presumidas aves, e destacar sobre todas, pola súa nobreza de orixe e o seu catolicismo tan antigo como firme.

Para o autor de *El Búho*, os gallegos, asturianos e montañeses debían considerarse os lexítimos fundadores de España, por non estaren contaminados de ningunha mala raza ou herexía, e en definitiva pola súa nobreza, mentres que os biscaíños —inclúen os dos territorios forais vascos e parte dos navarros— eran descendentes de escravos xudeus, e de aí a súa singularidade, evidente tamén na lingua. Tan negativa nota (os escravos xudeus eran as feces dunha mala raza) que don Pedro Fernández de Castro atribúe aos que se reputaban todos de fidalgos e de herdeiros dos cántabros, podería estar motivada por loitas de faccións que se

desenvolvían na corte de Felipe III no ocaso do Valimiento de Lerma, e, de paso, o de Lemos reaccionaba tamén de modo enérxico contra a visión pexorativa dos galegos e de Galicia que se fora estendendo desde mediados do XVI en ambientes políticos e culturais. O tordo biscaíño recibe o nome de Ioancho de Garibay, o que evidencia a negativa do autor de *El Búho* de admitir o cantabrismo que desde dobrado o XVI se fora xeneralizando en xuristas e cronistas vinculados ás institucións forais, e que acabaría sendo a doutrina admitida por moitos tratadistas políticos e intelectuais con influencias na corte.